

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I01MQ</b>	<b>USG/2020/120</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4R01 641Y 6F6Q 2I1V 10T0	

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2020.**

**PRESIDENTA:**

A alcaldesa en funcións, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril

**ASISTENTES:**

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTOR ACCIDENTAL:**

D. Roberto Babío Fernández

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día oito de setembro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril (Resolución da alcaldía do sete de setembro de dous mil vinte), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2020.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 1 de setembro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención da Sra. Pombo Carril, a cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 1 de setembro de 2020.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Orde do 26 de agosto de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se modifica o artigo 14 da Orde do 17 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia (Diario Oficial de Galicia número 247, do 30 de decembro). DOG núm. 178 do 02-09-2020.

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito da Sra. concelleira delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte, de data 7 de setembro de 2020, que transcrito literalmente di:

### **"DACIÓN DE CONTA DA CONCELLERÍA DE ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL E PROMOCIÓN DO DEPORTE.**

Dase conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do día **07/09/2020** das seguintes resolucións emitidas dende esta concellaría :

**\*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
14/08/2020	1032	Conceder servizo municipal de axuda a domicilio	***5527**	5 horas á semana (agás festivos).

**\*\*PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
14/08/2020	1021	Concesión axuda económica.	****9994	Pago de aluguer correspondente aos meses de maio(325€), xuño (375€ e xullo (375€) de 2020.	1075€
14/08/2020	1022	Concesión axuda económica.	****0956*	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (75€), abril (400€), maio (300€) e xuño (300€) de 2020.	1075€
14/08/2020	1023	Concesión axuda económica.	***8853**	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (275€) e de abril a maio (400€/mes) de 2020.	1075€
14/08/2020	1024	Concesión axuda económica.	****114**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro de 2019 (25€) e de xaneiro a	1075€

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I01MQ</b>	<b>USG/2020/120</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>4R01 641Y 6F6Q 2I1V 10T0</b>	

C.I.F. P-1503100-H

				marzo de 2020 (350€/mes).	
14/08/2020	1025	Concesión axuda económica.	***7699**	<p>Pago dos recibos de auga, correspondentes o ano 2020.</p> <p>Pago dos recibos de electricidade, correspondente ao ano 2020</p> <p>Pago dos recibos de comunidade, correspondente ao ano 2020.</p> <p>Conceder á interesada o bono de alimentos tipo B durante o ano 2020.</p>	1075€
14/08/2020	1026	Concesión axuda económica.	***9595**	Pago de aluguer, correspondente ao mes de abril (75€) e de maio a agosto de 2020 (250€/mes).	1075€
14/08/2020	1027	Concesión axuda económica.	***9188**	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro (330€), febreiro (330€), marzo (330€) e abril (85€) de 2020.	1075€
14/08/2020	1028	Concesión axuda económica.	****4982	<p>Pago de recibo de electricidade correspondente aos meses de xaneiro-febreiro (39,37€), febreiro-marzo (39,42€) e marzo-abril (40,75€).</p> <p>Pago recibo de gas, correspondente a os meses de febreiro-marzo de 2020.</p> <p>Pago de recibos de</p>	119,54€  62,40€

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I01MQ</b>	<b>USG/2020/120</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>4R01 641Y 6F6Q 2I1V 10T0</b>	

				aluguer correspondente a dous meses de 2020 (400€/mes).  Recibo de electricidade, correspondente a meses de 2020.	
14/08/2020	1029	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	****8808*	Pago do recibo de aluguer, correspondente ao mes de xullo.	150€
14/08/2020	1030	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***3971**	Pago dos recibos de electricidade correspondente aos meses de decembro de 2019 (95,69€), xaneiro (105,37€), febreiro (66,08€), marzo (41,48€), abril (37,10€), maio (21,09€) e xuño (19,93€) de 2020.	

C.I.F. P-1503100-H

### **3.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A alcaldesa en funcións

(Asinado dixitalmente nesta data pola Sra. concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións nesta sesión)

(Asinado dixitalmente)